



XOVES

I+D+i

Estimado/a amigo/a:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) está a organizar a xornada de presentación do Centro de Investigación en Avións Non Tripulados de Uso Civil de Rozas (Lugo), que terá lugar o vindeiro **23 de decembro** pola mañá na Delegación Territorial da Xunta de Galicia en **Lugo**.

O Centro de Investigación Aerotransportada, que estará situado na localidade luguesa de Rozas, é un **centro mixto de investigación** participado pola **Consellería de Economía e Industria**, o **Ministerio de Economía e Competitividade** e o **Ministerio de Defensa** a través do **Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA)**. Trátase do primeiro centro destas características en Europa que prevé converter á nosa Comunidade nun polo de referencia do sector aeronáutico.

Ademais do potencial que supón a creación deste centro para o **sector aeronáutico**, como centro de ensaio e investigación en aeronaves non tripuladas, tamén suporá unha oportunidade para outros sectores estratéxicos para Galicia, como a **automoción** ou o **naval**, cos que comparte moitos procesos e metodoloxías.

Así mesmo, dende o punto de vista da **innovación**, contribuirá ao desenvolvemento de áreas clave para Galicia como a **pesca** –na busca de aplicacións para a localización de bancos de peixes e a xestión das mareas vermellas-; a **agricultura** –na localización de recursos hídricos-; ou o **sector forestal** –que poderá aproveitar estes dispositivos para controlar incendios e pragas-. Estes son tan só algúns exemplos das posibles aplicacións destes dispositivos.

Dende o punto de vista científico, abrirá tamén unha importante oportunidade para a comunidade científica, coa creación de ata **50 postos de traballo directos de alta cualificación** cando o centro se atope a pleno rendemento, e para a captación de talento investigador de alto nivel para Galicia.

Na xornada de presentación, que será clausurada polo **presidente da Xunta** e os **secretarios de Estado de Defensa e de I+D+i**, participarán representantes das administracións implicadas, de fabricantes como **Airbus**, do sector aeronáutico galego e dos centros tecnolóxicos galegos.

O evento está dirixido a todos os axentes do sistema galego de innovación, así como á sociedade no seu conxunto. Aquelas persoas que estén interesadas en participar deben rexistrarse previamente. O programa completo así como o formulario de inscrición están dispoñibles no seguinte [enlace](#).

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!

Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.